



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUEGA)

**ACTA DA SESIÓN NÚMERO Nº 7/2015 CELEBRADA CON CARÁCTER
ORDINARIO POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 30 DE
XULLO DE 2015**

ASISTENTES:

Alcalde –Presidente:

D. José Luis Piñeiro García

Concelleiros:

Grupo do PP

D. Manuel M^a Durán Guillán
D. José Manuel Castro García
D^a Balbina Lojo Oliveira
D. Jesús Dieste Buceta
D^a. M^a Carmen Boo Cameán

Grupo de Nós Pobra

D^a. Rosario Varela Fernández
D. Miguel Alamancos Sobrido
D^a. Genoveva Hermo Santos

Grupo do BNG

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña
D^a Cristina Andrade González
D. José Manuel Casal Sabín

Grupo Mixto

D^a M^a Teresa García Guillán

Secretaria:.

D^a Eva M^a Casal Sanjurjo

Interventor:

D. Faustino Villamor Iglesias

Na Pobra do Caramiñal, no Salón de Actos da Casa Consistorial, previa citación regulamentaria e na súa primeira convocatoria, o día 30 de xullo do ano 2015, réunese o Pleno deste Concello ó obxecto de celebrar sesión ordinaria.

Coa asistencia dos Sres/as que ó marxe se indican, baixo a presidencia do Sr. Alcalde e a asistencia do Sr. Interventor e a Sra Secretaria, ás 21:00 horas da comenzo a sesión, pasando a coñecerse os asuntos incluídos na convocatoria.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES:

A continuación e de acordo co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o Sr. Alcalde-Presidente consulta ós Sres/as Concelleiros /as se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o día 13 de xullo de 2015.

Non habendo observacións á acta da sesión anterior, o sr Alcalde somete a acta a votación.

Sometida a acta a votación, esta queda aprobada por unanimidade dos trece membros que integran o Concello Pleno.

2.- APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE SUMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ÁS ENTIDADES LOCAIS.

Pola Secretaría dase lectura ao dictame da Comisión **Informativa de Dinamización económica, comercio, turismo, igualdade, participación veciñal e facenda** emitido na sesión do día 29 de xullo de 2015.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

Visto o Convenio marco de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa que permitirá reducir as cargas de tramitación dos veciños nos expedientes tributarios e de subvencións, esta Alcaldía, por medio da presente **PROPÓN** ó Pleno da Corporación que previa deliberación e exame do expediente da súa razón, proceda á adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: solicitar a adhesión ao convenio marco de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, cuxo texto se transcribe no anexo que acompaña a esta proposta e cuxas cláusulas se aceptan na súa totalidade.

SEGUNDO: remitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria a solicitude de adhesión acompañada do certificado comprensivo do presente acordo.

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións:**



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

D^a Rosario Varela Fernández, voceira de Nós Pobra, manifesta que se trata de adherirse a este convenio coa intención de axilizar cuestións administrativas para prestarlle un mellor servizo ós veciños e veciñas do Concello.

D^a M^a Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, di que vai votar a favor deste punto xa que sempre que se trate de dar mellor servizos ós veciños non ten nada que obxectar ó respecto.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG opina que é unha ledicia ver a sala tan chea de xente. Con respecto a esta proposta parécelle ben este tipo de adhesións a estes convenios, pero pregunta ¿este concello está adherido ó convenio entre a Axencia Tributaria de Galicia e Federación Galega de Municipios?, e se non o está ¿por que?, se son semellantes ¿qué beneficios nos traería estar adherido a un e non ó outro?

Intervén **D. Manuel M^a Durán Guillán, concelleiro e voceiro do P.P.,** e di que que eles entenden que todo o que signifique beneficios para os veciños e para o concello debe ser apoiado.

D^a Rosario Varela Fernández, voceira de Nós Pobra, explica que a verdade é que non teñen convenio cos organismos que nomeou o voceiro do BNG, si ben é certo que miraron os concellos da provincia da Coruña que están adheridos a este convenio e practicamente están todos, pero que se pode estudar tamén a posibilidade de adherirnos ó outro.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG, manifesta que a resposta lle deixa sen maior información ó respecto. Parece que ambos convenios son semellantes e ó BNG gostaría lle asinar este convenio coa Axencia Tributaria Galega que é a propia do noso país.

Intervén o **Sr. Alcalde-Presidente** e di que non hai problema en estudar a posibilidade de adherirse a ese convenio, e se lle parece o BNG pode expoñelo como moción do próximo Pleno.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos), tódolos membros de Nós Pobra (4) e a concelleira do Grupo Mixto (1)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3, tódolos membros do BNG..

A vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

PRIMEIRO: solicitar a adhesión ao convenio marco de colaboración entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, cuxo texto se transcribe no anexo que acompaña a esta proposta e cuxas cláusulas se aceptan na súa totalidade.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

SEGUNDO: remitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria a solicitude de adhesión acompañada do certificado comprensivo do presente acordo.

3.- APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO SISTEMA DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA ESTATAL.

Pola Secretaría dase lectura ao dictame da Comisión **Informativa de Dinamización económica, comercio, turismo, igualdade, participación veciñal e facenda** emitido na sesión do día 29 de xullo de 2015.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

Visto o modelo de acordo da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a adhesión ao sistema de Contratación Centralizada do Estado, tendo en conta que dita fórmula permite reducir os tempos de tramitación dos expedientes, así como os prezos dos bens a adquirir, esta Alcaldía, por medio da presente **PROPÓN** ó Pleno da Corporación que previa deliberación e exame do expediente da súa razón, proceda á adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Solicitar a adhesión ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal para a adquisición de vehículos a motor, cuxo texto se transcribe no anexo que acompaña a esta proposta e cuxas cláusulas se aceptan na súa totalidade.

SEGUNDO: Remitir á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a solicitude de adhesión acompañada do certificado comprensivo do presente acordo.



A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións**:

Dª Rosario Varela Fernández, voceira de Nós Pobra, manifesta que a intención deste goberno é comprar un vehículo para a Policía, xa que nestes intreos hai dous que están en moi malas condicións e non saen do taller, e a verdade que están dando moitos gastos. Explica que o adherirmos a este sistema non implica que teña que ser por un tempo determinado, é dicir, podemos contar cando queiramos.

Intervén Dª Mª Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, para dicir que lle gustaría que lles explicara un pouco o proceso para mercar este vehículo, segundo a miña información, xa se mirara por un coche por valor de 30.000 euros, logo por outro por valor de 28.000 euros, ambos sin estar dotados de todo o equipamento, e logo tamén sabe que a Xunta de Galicia está dotando coches de Policía por valor de 18.000 euros, e quere saber se lle solicitou á Xunta. Explica que ten tamén constancia que non se falou deste tema coa Policía Local e pensa que son eles os que poden informar moi ben sobre a dotación que pode ter o coche, e que non xeneren tantos gastos. Tamén lle gustaría saber si esta contratación centralizada logo ten empresas que se externalizan, e ó final non sae tan barato como se pensa.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

O Sr. Alcalde-Presidente, explica que calqueira cousa que estivera apalabrada do antigo goberno, para eles non significa absolutamente nada, non poden debatir nada sobre algo apalabrado. E el fala tódolos días co Xefe da Policía Local, e fíxose unha reunión coa policía, e pensa que isto non é tema deste debate.

Intervén D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG, e di que os argumentos do goberno con respecto a esta contratación cre que veñen dados pola prensa e polo aforro. O da prensa para el é algo subxetivo, pero o do aforro si que debe ser considerado moi seriamente, xa que estamos falando dun modelo de austeridade que eu pensaba que xa era cousa doutras políticas, e o de mercar desta forma centralizada, de facerse con estes bens, o que vai a significar é que se van a entregar cartos a unhas compañías que son amigos duns e doutros, e dende longo moi lonxe dos nosos puntos de decisión. As veces o de mercar lonxe pode ser algo mais barato pero dende o BNG pensamos que ter que mercar fóra do noso concello e da nosa comarca, aínda que pareza barato ó longo non é tanto, porque os cartos que se invirtan neste concello e nesta comarca imos a notalos todos. Polo tanto nin a presa nin a urxencia parecen significativos á hora de asinar un convenio.

Intervén D. Manuel M^a Durán Guillán, concelleiro e voceiro do P.P., dicindo que coinciden co goberno de que si eses vehículos están ocasionando tantos gastos o normal e tentar de cambialos e si con esta medida o concello ten un aforro económico pois están dacordo.

D^a Rosario Varela Fernández, voceira de Nós Pobra explica que en ningún caso están falando de austeridade, senón da compra dun coche patrulla, que intentaron mercalo porque a partida orzamentaria non lles dá, xa que o orzamento do concello é limitado; e dende logo a súa insistencia dende que chegaron ó goberno é mercar todo no noso concello e na comarca, e preferiblemente no concello, e ademáis diversificar, non comprar sempre nos mesmos establecementos.

Intervén D^a M^a Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, que pensa que poden tamén informarse na Xunta, que está dotando coches por valor aproximado de 18.000 euros, e que investiguen onde compra a Xunta para saber si se adaptan ó que queren mercar.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG opina que a cuestión está en que os cartos que se invirtan con esa compra irán a empresas de Madrid e non van a quedar aquí. Dende o BNG pensan que asinar ese convenio non é necesario, e que eles non estan falando dunha flota senón dun so coche e pensan que se se quixera se podería atopar aquí a solución.

O Sr. Alcalde-Presidente, explica que lle gustaría dicirlles que estamos falando de aprobar o convenio non a compra definitiva, e se hai que estudar esa cuestión estamos a tempo.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos) e tódolos membros de Nós Pobra (4).

Votos en contra: 3, tódolos membros do Grupo Municipal do BNG.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Abstencións: 1, a concelleira do Grupo Mixto

A vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Solicitar a adhesión ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal para a adquisición de vehículos a motor, cuxo texto se transcribe no anexo que acompaña a esta proposta e cuxas cláusulas se aceptan na súa totalidade.

SEGUNDO: Remitir á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a solicitude de adhesión acompañada do certificado comprensivo do presente acordo.

Anexo

PRIMERA.- Ámbito de la adhesión.

El Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal se adhiere al sistema de contratación centralizada estatal para los siguientes bienes y servicios:

1. Vehículos a motor para transporte de personas y mercancías, como motocicletas, con cualquier clase de equipamiento específico.
2. Vehículos a motor para transporte de personas y mercancías, como automóviles de turismo o todo terreno, con cualquier clase de equipamiento específico.
3. Vehículos a motor para transporte de personas y mercancías, como vehículos industriales y autobuses, con cualquier clase de equipamiento específico

El Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal podrá solicitar a la Dirección General de Racionalización y Centralización de la Contratación (en adelante, DGRCC) la ampliación de esta adhesión o la supresión de alguna de las categorías de bienes y servicios a que se extiende el compromiso manifestado en el apartado anterior.

SEGUNDA.- Procedimiento para la adjudicación del contrato basado.

- 1) Cuando el Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal necesite el suministro de un bien o la prestación de un servicio de los incluidos en el ámbito de esta adhesión, deberá tramitar la solicitud del mismo a la DGRCC conforme a las instrucciones establecidas para cada acuerdo marco.
- 2) Los contratos basados se adjudicaran de acuerdo con lo previsto en los apartados 3 y 4 del artículo 198 del texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.
- 3) Corresponde al Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal la solicitud de ofertas a las empresas adjudicatarias del acuerdo marco y la elevación de la propuesta de adjudicación a la DGRCC.
- 4) Corresponde a la DGRCC la adjudicación y formalización del contrato basado.
- 5) La financiación de los contratos basados correrá a cargo del Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

TERCERA. Obligaciones y derechos del Ayuntamiento.

- 1) En virtud de esta adhesión el Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal contrae el compromiso de efectuar la contratación de la totalidad de los suministros de bienes o/y la contratación de los servicios indicados en la cláusula primera por el sistema estatal de contratación centralizada a través de la DGRCC, en las condiciones establecidas en los acuerdos marco celebrados por la misma con las empresas adjudicatarias.
No obstante, la contratación de estos servicios o suministros al margen del sistema estatal de contratación centralizada podrá ser realizada cuando los bienes adjudicados o el régimen de prestación de los servicios establecido no reúnan las características indispensables para satisfacer las concretas necesidades del Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal. De estas circunstancias, se informará a la DGRCC con periodicidad trimestral.
Asimismo, cuando no se encuentre en vigor el correspondiente Acuerdo Marco, y en tanto se adopte el nuevo, el Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal podrá contratar directamente los bienes o servicios objeto de la adhesión.
- 2) El Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal comunicará a la DGRCC los cargos (su denominación, dirección, teléfono y fax) que, en virtud de sus competencias propias o delegadas en materia de contratación y ordenación del gasto, pueden suscribir las peticiones de órdenes de suministro de bienes y de prestación de servicios. Asimismo, se compromete a notificar cualquier cambio que se produzca en relación con los citados cargos.
- 3) El Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal solicitará a la DGRCC la celebración de los contratos basados que sean necesarios para el cumplimiento de sus fines mediante la aplicación CONECTA-CENTRALIZACIÓN. En el caso de que por causa justificada ello no sea posible, las solicitudes se remitirán en el modelo oficial disponible en la citada aplicación.
El Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal deberá comunicar cualquier incidencia que surja en relación con la ejecución de los contratos basados a la DGRCC para, en su caso, la aplicación de las penalidades y exigencia de responsabilidades previstas en el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre.
- 5) El Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal realizará la recepción de los bienes suministrados y de los servicios contratados y efectuará el pago de los mismos conforme a la normativa vigente.
- 6) El Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal se compromete a designar un órgano de contacto para mantener las comunicaciones que procedan con la DGRCC.
- 7) El Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal se compromete a cumplir con las obligaciones derivadas de los contratos basados que promueva de acuerdo con los términos establecidos en los acuerdos marcos o en los propios contratos basados y conforme a la normativa que, de cualquier índole, que le sea aplicable.
- 8) El Ayuntamiento de A Pobra do Caramiñal se compromete a colaborar con la DGRR en el caso de presentación de recurso o reclamación derivados de los contratos basados por él promovidos y a facilitar la documentación e información que con este motivo le sea requerida.





CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

CUARTA.- Obligaciones y derechos de la Dirección General de Racionalización y Centralización de la Contratación.

- 1) La DGRCC facilitará el acceso del Ayuntamiento a la aplicación CONECTA CENTRALIZACIÓN, donde dispondrá de los acuerdos marco a los que se adhiere, de las condiciones que los rigen e información relevante.
- 2) La DGRCC tramitará con la debida diligencia los contratos basados propuestos poniendo a disposición del Ayuntamiento la aplicación CONECTA CENTRALIZACIÓN para la tramitación de los mismos.
- 3) La DGRCC podrá solicitar, a efectos de control de la ejecución del acuerdo marco, cuanta documentación considere en relación a expedientes concretos.
- 4) La DGRCC podrá suspender la tramitación de los contratos basados del Ayuntamiento cuando se produzcan incumplimientos reiterados en los plazos de pagos de acuerdo con la normativa reguladora en esa materia.

QUINTA.- Efectos de la adhesión.

La adhesión surtirá efecto desde el día siguiente a la fecha de adopción del acuerdo por la DGRCC.

SEXTA.- Causas de resolución.

La DGRCC acordará de oficio o a instancias del Ayuntamiento la resolución del acuerdo de adhesión.

Serán causas de resolución de la adhesión:

- a) La solicitud del Ayuntamiento, que podrá tener lugar en cualquier momento.
- b) El incumplimiento de la normativa vigente en materia contractual
- c) El incumplimiento de las condiciones de la adhesión.



4.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2/2015.

Pola Secretaría dase lectura ó ditame da Comisión **Informativa de Dinamización económica, comercio, turismo, igualdade, participación veciñal e facenda** emitido na sesión do día 29 de xullo de 2015.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

VISTO que na Base de Execución nº 11 do Orzamento para este exercicio 2015 están recollidos os créditos que teñen a consideración de ampliables en función do recoñecemento en firme dos dereitos afectados a ditos gastos.

VISTO que existe a necesidade de ampliar o crédito orzamentario na aplicación 932.22708 no que se refire á remuneración das empresas que prestan servizos para a tramitación de multas por infraccións de tráfico, xa que dita remuneración é unha porcentaxe do importe das multas cobradas, polo que un maior importe de multas recadadas supón automaticamente un maior gasto na aplicación 932.22708.

VISTO que a declaración de créditos ampliáveis debe recollerse de xeito específico nas Bases de Execución e que a súa aprobación e modificación e competencia do Pleno da Corporación.

VISTO o informe de fiscalización de conformidade da Intervención de data 24/07/2015.

Propoño ó Pleno do Concello que, previa deliberación e exame do expediente, aprrobe a seguinte proposta de **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución nº 11 engadindo un novo crédito que terá a consideración de ampliable, inserindo o seguinte texto:

"- Aplicación 932.22708. Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito será o 74,45% dos ingresos efectivamente recadados no concepto de ingresos 39120 que superen os inicialmente previstos".

SEGUNDO.- Dispoñer a exposición ó público deste expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións**:

Dª Rosario Varela Fernández, voceira de Nós Pobra, exprica que do que se trata é que o goberno quere levar a cabo distintas actuacións que non están orzamentadas e por eso o que se trata é de pasar cartos dunha partida de persoal, que non se van a usar, e pasalos á partida de asistencia social, centros de ensino, becas de estudos, cultura e deportes. Continúa dicindo que estamos falando de 3.000 euros para emerxencia social, 5.000 euros para pintado de aulas no IES Pobra, 11.727 euros para cambiar o cespede do Campo da Alta, aumentar as axudas a escolarización, 12.000 euros para festexos populares, 2.000 euros para unha subvención ó Club de Remo e 1.000 euros para mercar libros para a biblioteca.

Intervén **Dª Mª Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto,** para dicir que lle gustaría que lle desglosaran como se van a empregar eses 11.727 euros do Campo da Alta, porque xa fai uns anos se invertiron 7.000 euros e en realidade non se fixo nada, quedou como estaba. Por outro lado, o de invertir 5.000 euros no pintado de aulas do IES Pobra, tendo un informe de intervención en contra, que me parece normal porque iso correspóndelle á Xunta, Consellería de Educación, o concello non ten competencia, pero si que o concello ten competencia no Centro de Saúde e este non ten auga quente na segunda planta. e ten humidades e a pintura



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

desconchada, polo tanto o seu apoio teríano si queren xestionar á Consellería de Educación, pero non facelo vostedes, porque hai moitas outras cousas que teñen competencia e non se fan.

O Sr. Alcalde-Presidente, exprica que con respecto os 11.727 euros do Campo da Alta, en realidade son 10.200, o resto xa se gastaron nos aspersores.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG, exprica que a este punto xa se referiu antes, o de que se poden mover cartos dunha partida para outra, polo tanto este mesmo exemplo podíase aplicar ó punto anterior. Para o BNG da Pobra, a pesares do informe negativo de intervención, é unha cuestión de gusto do Sr. Alcalde quen quere que se faga este traballo, en vez de recoller as reclamacións feitas anteriormente por tódolos grupos da oposición queixándose ó goberno do PP de que o IES Pobra o que necesita é unha actuación a fondo, importante e definitiva, polo tanto non están de acordo con esta actuación que se vai a facer e tampouco coa de invertir cartos no Campo da Alta, e lles gustaría que o céspede do campo fora maravilloso, pero entenden que nunha situación como na que estamos, intentando buscar cartos para mercar un coche da policía, lles parece un despilfarro.

O Sr. Alcalde-Presidente, exprica ao Sr. Ouviaña que en Nós Pobra son completamente democráticos e nunca a decisión a toma el a título persoal, senón todos e incluso en assemblea, e que non ve a que ven ese comentario.

D. Manuel M^a Durán Guillán, concelleiro e voceiro de PP, manifesta que no tema de servizos sociais, entenden que é necesario, e no do campo de fútbol é certo que a ser o céspede natural ten un mantemento que resulta custoso pero confían en o goberno o houbera estudiado, tamén é certo que o IES Pobra non é competencia do concello, pero está no noso concello e é onde están os nosos rapaces, e sempre que outras instalacións non sufran carencias por iso, eles van apoialos, aínda que lles parece un pouco excesivo o presuposto.

D^a Rosario Varela Fernández, voceira de Nós Pobra, contesta á Sra. García que con respecto ao desglose das actuacións no Campo da Alta, as labores son: herbicida, herba baixa, descarrificado, abono, etc. Con respecto ó tema do IES saben que é certo que non é competencia nosa, pero tamén saben que é un tema que se ben reclamando por varias institucións dende hai moito tempo, pero a Xunta de Galicia ten as instalacións nun completo esado de abandono total a nivel infraestruturas, aulas... e tamén ten que dicir que hai un compromiso do anterior goberno, e celebran que PP aprobase esa actuación, e a consideran necesaria aínda que dende logo van a esixirlle á Xunta de Galicia que cumpra con tódalas obrigas no IES Pobra que ten necesidade urxente de arranxo. Por iso eles, a pesares do reparo do Sr. Interventor, o equipo de goberno, co amparo da súa assemblea que os respalda, decidiron tomar esta decisión.

D^a M^a Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, indica que lle gustaría que lle pasaran unha copia dese orzamento co que teñen previsto facer, pensa que o que lle van a facer ó Campo da Alta é o mesmo que xa lle fixo o goberno do PP, e cre que o problema é que os tubos de desagüe e drenaxe están atascados polo tanto cando chove o céspede pudre, e seguerá pudrindo, pensa que non se lle está dando a solución que debería. Con respecto ó IES é certo que está nunha situación prearia e xa leva anos, pero o equipo de goberno o que ten que facer é



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A COEUFÍA)

xestionar ante a Xunta de Galicia e a Consellería de Educación para que realicen esas actuacións, xa que opina que o equipo de goberno debe afrontar outras necesidades necesarias e urxentes que non se están facendo, por iso puxo como exemplo o Centro de Saúde.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG, pide disculpas pola forma de falar antes, pode ser pola súa inexperiencia. Insiste nos mesmos argumentos anteriores, é certo que o IES necesita varias actuacións, pero é a propia Consellería de Educación quen debe afrontalo e buscar os cartos. Con respecto ó campo de fútbol, pois a verdade que son uns cartos considerables e habería que buscalos por outro lado e eses deixalos para cousas máis urxentes, como poden ser servizos sociais.

D. Manuel M^a Durán Guillán, concelleiro e voceiro de PP di que o seu grupo reitera o mesmo de antes, pero explica que o mantemento do campo antes o facía a brigada de obras e aforrábanse uns cartos.

D^a Rosario Varela Fernández, voceira de Nós Pobra explica que coa actuación do instituto neste caso os cartos se lle aforran ó instituto non á Consellería, e eso non quita que o equipo de goberno non pense que lle corresponde facelo á Consellería, pero como a estas alturas non se fixo nada por parte da Consellería, a pesares da insistencia das ANPAS, pois quedaban dúas opcións: ou non facer nada, ou afrontar esta actuación, e se hai que aforrar no coche patrulla para poder pintar as aulas, pois farase.

O Sr. Alcalde-Presidente, explica que vai levantar o reparo do interventor como Alcalde, xa que ten competencia, e vaise a facer esa actuación porque están seguros que a Consellería non vai a facer nada, e en canto ó tema das negociacións coa Consellería, están traballando nelo, xa se produciu algunha reunión e seguirán insistindo, pero esta decisión tomouse porque esta é unha actuación moi demandada e necesaria.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos) e tódolos membros de Nós Pobra (4 votos).

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 4, tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (3 votos) e a concelleira do Grupo Mixto(1 voto).

A vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución nº 11 engadindo un novo crédito que terá a consideración de ampliable, inserindo o seguinte texto:

"- Aplicación 932.22708. Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito será o 74,45% dos ingresos efectivamente recadados no concepto de ingresos 39120 que superen os inicialmente previstos".



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

SEGUNDO.- Dispoñer a exposición ó público deste expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

5.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA.

Pola Secretaría dase lectura ó dictame da Comisión **Informativa de Dinamización económica, comercio, turismo, igualdade, participación veciñal e facenda** emitido na sesión do día 29 de xullo de 2015.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

Na Base de Execución 39ª do vixente Orzamento para 2015 recóllese, entre outras, unha subvención ao “Club de Remo Puebla” por importe de 7.000,00 €, destinada a financiar a regata de triatlón que todos os anos se celebra neste Concello nos meses de verán.

Con todo, este ano presenta unha importante novidade, consistente en que vaise celebrar por primeira vez neste Concello unha regata feminina e ademais vaise a celebrar o “play off” de ascenso. Isto supón que en lugar de ter 1 día de regata no que se celebraba unha única regata, este ano vamos ter 2 días de regatas e pasarán a celebrarse 5 regatas en lugar a única anterior.

Este aumento da actividade resulta moi positivo para o interés xeral municipal, na medida en que vai ter unha maior repercusión fora do Concello e en que vai a atraer a mais personas ó Concello e durante mais días, coas repercusións que terá no sector turístico e de promoción do deporte da Pobra.

É por isto que se considera que o Concello debe colaborar, na medida das súas posibilidades, apoiando este tipo de iniciativas, axudando a financiar os gastos que estas actividades conlevan, xa que o retorno que se obtén delas (non só directamente económico, senón tamén en termos de promoción do turismo e repercusión na hostalería local, de promoción do deporte, de imaxe para o Concello, etc), supera o investimento que supón para a facenda municipal a concesión desta subvención.

Dada a singularidade da actuación a subvencionar, en aplicación do artigo 22.2.a) da Lei Xeral de Subvencións, optouse por propor ao Pleno a aprobación dunha subvención nominativa, mediante a modificación da Base 39ª de execución do Orzamento, para engadir unha subvención nominativa a favor do “Club de Remo Puebla” por importe de 2.000,00 €.

VISTO o informe de fiscalización de conformidade da Intervención de data 24/07/2015.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Propoño ó Pleno do Concello que, previa deliberación e exame do expediente, aprrobe a seguinte proposta de **ACORDO**::

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución 39ª do Orzamento municipal para 2015, engadindo na relación de subvencións nominativas a seguinte:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO	IMPORTE
341.48900	CLUB DE REMO PUEBLA (regata feminina e play off ascenso)	2.000,00

SEGUNDO.- A eficacia deste acordo, e polo tanto a concesión da subvención, quedará condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario 02/15, no que se habilita crédito, entre outros, para a concesión desta subvención.

TERCEIRO.- Dispoñer a exposición ó público deste expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións**:

Intervén Dª Genoveva Hermo Santos, concelleira de Nós Pobra, que explica que como ben se di na proposta este é un acontecemento moi importante dentro do deporte da Pobra, e polo tanto este ano en vez de ser un día de regatas serán dous, incluíndo unha regata feminina. Todo elo repercutirá beneficiosamente no noso concello, xa que cos participantes ven un grupo de familiares que teñen que pernoctar e comer no noso pobo, e iso vaise notar tamén na hostelería.

Dª Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Mixto, prefire non intervir.

D. Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do BNG, manifesta que o BNG vai apoiar esta iniciativa, e simplemente dicir, que esperan que esta mecánica de gobernar aprobando así as cousas non cre un precedente, porque hai outros moitos clubs, asociacións etc. que nun momento determinado precisen de cartos municipais e poden facelo mesmo, e isto suporía unha mala mecánica.

D. Manuel Mª Durán Guillán, concelleiro e voceiro do PP exprica que eles están de acordo en apoiar tódalas actividades deportivas, pero esperan que si outra entidade nalgún momento o necesita, teña o mesmo apoio que o Club Remo Puebla.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

D^a **Genoveva Hermo Santos**, concelleira de Nós Pobra responde que a súa intención é non discriminar a ningún deporte, pero ás veces xurden feitos puntuais, como esta regata, e pensan que é moi importante apoialos pola repercusión que esto supón ó pobo. Esperan que si xorden outras necesidades noutras entidades deportivas, si é posible tratarán de atenderlas.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que istó é algo puntual, que xurdiu a última hora, e que non é para favorecer a uns e a outros non, e pareceulles interesante porque se incrementaron as actividades.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:


Votos a favor: 12, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos), tódolos membros de Nós Pobra (4 votos) e tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (3 votos).

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 1, a concelleira do Grupo Mixto.

A vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución 39^a do Orzamento municipal para 2015, engadindo na relación de subvencións nominativas a seguinte:



APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO	IMPORTE
341.48900	CLUB DE REMO PUEBLA (regata feminina e play off ascenso)	2.000,00

SEGUNDO.- A eficacia deste acordo, e polo tanto a concesión da subvención, quedará condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario 02/15, no que se habilita crédito, entre outros, para a concesión desta subvención.

TERCEIRO.- Dispoñer a exposición ó público deste expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

6.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO Nº 11 E DECLARACIÓN DE CRÉDITO AMPLIABLE.

Pola Secretaría dase lectura ó dictame da Comisión **Informativa de Dinamización económica, comercio, turismo, igualdade, participación veciñal e facenda** emitido na sesión do día 29 de xullo de 2015.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

VISTO que na Base de Execución nº 11 do Orzamento para este exercicio 2015 están recollidos os créditos que teñen a consideración de ampliables en función do recoñecemento en firme dos dereitos afectados a ditos gastos.

VISTO que existe a necesidade de ampliar o crédito orzamentario na aplicación 932.22708 no que se refire á remuneración das empresas que prestan servizos para a tramitación de multas por infraccións de tráfico, xa que dita remuneración é unha porcentaxe do importe das multas cobradas, polo que un maior importe de multas recadadas supón automaticamente un maior gasto na aplicación 932.22708.

VISTO que a declaración de créditos ampliables debe recollerse de xeito específico nas Bases de Execución e que a súa aprobación e modificación e competencia do Pleno da Corporación.

VISTO o informe de fiscalización de conformidade da Intervención de data 24/07/2015.

Propoño ó Pleno do Concello que, previa deliberación e exame do expediente, aprrobe a seguinte proposta de **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución nº 11 engadindo un novo crédito que terá a consideración de ampliable, inserindo o seguinte texto:

"- Aplicación 932.22708. Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito será o 74,45% dos ingresos efectivamente recadados no concepto de ingresos 39120 que superen os inicialmente previstos".

SEGUNDO.- Dispoñer a exposición ó público deste expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións**:

Dª Rosario Varela Fernández, concelleira e voceira de Nós Pobra exprica que en realidade o que se pretende é adecuar estas partidas no orzamento porque no orzamento aprobado existen uns ingresos por multas, pero tamén un gastos pola xestión das mesmas, e como as multas incrementaron tanto pois tamén se incrementaron os gastos.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

D^a M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Mixto intervén dicindo que lle sorprende que fagan unha continuación da xestión do goberno anterior. O goberno anterior puxo unha empresa para xestionar as multas e salear ós veciños, e nos dixeron que dita empresa cobraba o 30%, pero non é así, a empresa cobra o 75% e o 25% é para o concello, a quen lle beneficia este contrato é a empresa non ó concello, e que eles están preocupados porque a empresa non cobre por prestar o servizo. Continúa dicindo que ela solicitou que este punto se retire da orde do día, se pida un informe xurídico externo, e en base ás conclusións dese informe actuar, e por suposto rescindir automaticamente o contrato coa empresa. Opina que este punto debería desaparecer deste pleno e non entende como o equipo de goberno comulga co 75% e non co 30% como dixeron nun principio, se ademais non existe contrato e eles non estaban presentes.

Intervén **D. Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do BNG** e exprica que o BNG ven a debater cuestións políticas e non técnicas, aínda que as cuestións técnicas teñen trasfondo político, porque todo está vinculado ás decisións que toma o equipo de goberno do momento, e o anterior goberno tomou unha, a de contratar un servizo privado para multar ós veciños/as e que eles xa se opuxeran no seu momento porque non lles pareceu que esas eran as medidas adecuadas e menos que tiñan un contrato verbal, como ben dixo o Sr. Alcalde no punto 2 cando a voceira do PSOE lle dixo que o anterior goberno xa tiña apalabrado un coche de policía, el lle respondeu que “o apalabrado do antigo goberno para nos non ten validez ningunha” por iso lles sorprende que este tema tamén é apalabrado, de verdade que non entendemos nada. Polo tanto queren coñecer os termos dese contrato, en que se basa, para poder tomar unha valoración ó respecto, porque o que lles parece absolutamente escandaloso é que unha empresa privada se leve o 75% das multas.

D. Manuel M^a Durán Guillán, concelleiro e voceiro do PP opina que este acordo pode gustar máis ou menos, pero dende logo cando se chega a un acordo con alguén para facer un traballo, nunhas condicións determinadas, hai que cumprilo. A maiores dicir que esas empresas son dúas, unha cobra o 75% porque é a que ten os aparellos dos radares, pero a outra cobra o 30% por xestionar as multas, e hai moitos concellos que teñen empresas privadas para a xestión de multas, e incluso a través da Deputación que tamén cobra o 30%.

D^a Rosario Varela Fernández, concelleira e voceira de Nós Pobra, explica que eles teñen o contrato da empresa Vialine, que non teñen temos aquí o da empresa Reciges, e a empresa Vialine cobra o 30% das multas non só do semáforo tamén das que poñen os axentes da policía, e lo está o 45% que cobran directamente da cámara que hai no semáforo, dende logo non van a cuestionar o tema do radar, que desde e Nós Pobra non lles pareceu axeitado. A realidade que son dúas empresas de servizos que a día de hoxe facturan ó concello 10.781 euros unha e 6.031 euros a outra, e este servizo haino que pagar. Existe un contrato que rescinde o 17 de setembro e se se rescinde antes conleva unha penalización económica, e este servizo está feito e o concello ten que cumprir coas súas obrigas como administración e estas obrigas son de todos non as dun partido político, e se non o fan agora teremos que pagar unha multa regulamenaria. Polo tanto a partir do día 17 de setembro porán sobre a mesa a posibilidade de rescindir o contrato e incluso ver a posibilidade que sexa a policía local quen poda levar a cabo o proceso administrativo das multas e así aforrar o 30%, agora o que teñen aquí é asumir un gasto que é noso como Concello.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, e explica que o tema do radar e efetivamente foi un contrato verbal, pero esas multas existen e eles non teñen ningunha posibilidade de darlle marcha atrás, de feito Isaac xa se dou conta que eso fora un erro e estivo o radar un día e medio. Segue dicindo e mantendo que o apalabrado do goberno anterior non lle compromete, pero o que lles compromete son os números e o tema é verdadeiramente cadrar as contas, que é o que se pretende para saber si ó final do ano hai superavit, o que nos parece case imposible; e como ben dixo a compañeira xa están traballando nas posibilidades de que a xestión das multas, a partires do día 17 de setembro teña unha solución viable e non custosa para o concello. Quere que saiban que non están para nada ociosos co tema.

Dª Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto contesta dicindo que ela non dixo que esten ociosos, pero a verdade non entende como se pretende pagar un servizo sen existir contrato, so verbal, ademais aínda non se acabou o ano, e en setembro hai outro pleno, por iso reitera que se solicite un informe externo para ver que conclusión se saca dese contrato verbal, e pensa que non hai que asustarse por deberlle a esta empresa e que tampouco hai tanta presa para pagarlle, e que ela non está de acordo.

D. Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do BNG explica que coa información que se lles trasladou desta proposta o lóxico é que calquera interprete que hai que pagar uns gastos a maiores vinculados ó exceso multa que houbo este ano por poñer o radar no mes de xaneiro. Polo tanto este aumento da partida orzamentaria está vinculada con esto que dixo, e si con esa empresa que puxo o radar non había contrato, mais que verbal, dende logo sen ser un experto técnico, pensa que o menos é que cndo preente a factura habería que dicirlle que non se pode pagar mentras non se vexa en que se sustenta esto, polo menos cando menos poñelo en dúbida. E ogo se o contrato remata o 17 de setembro penso que ó mellor valería a pena rescindir xa o contrato, e co que hai que pagar de penalización compensaría co mes e medio que falta. Para nós, como dixen nun punto anterior, non é simplemente cadrar as contas, senón facer política, e amosar claramente ós cidadáns cales son os nosos intereses políticos, dende logo se eu estivera no equipo de goberno, preferiría perder 1.000 ou 2.000 euros e dicirlle ós cidadáns que se rescinde o contrato con esas empresas, que non vai haber mais radares moviles, e que dende logo se tomarían outras serie de medidas para regular a seguridade vial sen que fora afán recadatorio. A nós nos parece que tal como ven esta proposta ó pleno está incompleta e a intnción política do equipo de goberno é continuar coma antes, e dende logo nós así non impos apoiar a proposta.

D. Manuel Mª Durán Guillán, concelleiro e voceiro do PP non intervén.

Dª Rosario Varela Fernández, concelleira e voceira de Nós Pobra, responde dicindo que dende o goberno xa explicaron que este tema lles preocupou, e faláron co interventor sobre o que significa un contrato menor, e iso non significa que non teñan responsabilidades, e xa dixo que a partires do 17 de setembro xa terán en activo unha solución para velar pola seguridade vial da Pobra, desde o goberno non lles parece serio facer as cousas precipitadamente sen antes facer un estudio ó respecto para buscar solución máis axeitada. Explica que se informaron co Interventor e coa Secretaria e tal e como llo explicaron, isto é unha obriga para o concello aínda que non lles guste.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

O Sr. Alcalde-Presidente, exprica que entende que o BNG e PSOE queiran deixar ben claro a súa posición que tomaron co tema do radar, esa posición tamén a tomaron pola súa parte, e eles non van cometer ese erro, porque dende logo aínda que se saiba, onte estivo reunido mais dunha hora para estudar como solventar a seguridade vial sen utilizar as medidas que usaron.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos) e, tódolos membros de Nós Pobra .

Votos en contra: 4, tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (3 votos) e a concelleira do Grupo Mixto (1 voto).

Abstencións: ningunha.

A vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución nº 11 engadindo un novo crédito que terá a consideración de ampliable, inserindo o seguinte texto:
"Aplicación 932.22708. Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito será o 45% dos ingresos efectivamente recadados no concepto de ingresos 39120 que superen os efectivamente previstos".

SEGUNDO.- Dispoñer a exposición ó público deste expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

7.- APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS ANO 2016.-

Pola Secretaría dase lectura ó dictame da Comisión **Informativa de Dinamización económica, comercio, turismo, igualdade, participación veciñal e facenda** emitido na sesión do día 29 de xullo de 2015.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

Pendente de publicarse no Diario Oficial de Galicia o Calendario laboral para o ano 2016 na Comunidade Autónoma de Galicia, mais sabido que serán o martes 17/05 Día das Letras Galegas, o venres 24/06 San Xoan e o luns 25/07 Día da Comunidade Autónoma Galega/ Santiago Apóstolo.

Conforme ao establecido no artigo 37.2 do Real decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 45 do Real Decreto

2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, no que se prevé que: “ *serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da Provincia*”.


Pola presente, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo o seguinte

ACORDO:

Primeiro: propoñer como FESTAS LOCAIS para o ano 2016, o día 22 de agosto, Luns do Carme dos Pincheiros e o día 19 de setembro, Luns do Nazareno.

Segundo: Comunicar á Delegación da Consellería de Traballo e Benestar para o seu coñecemento e efectos.

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións:**



Dª Genoveva Hermo Santos, concelleira de Nós Pobra explica que, como dí a proposta, por tradición son as datas que se veñen celebrando estes festivos no concello, e a verdade a estas alturas do ano non hai tempo para buscar outras por eso propoñen estes dous luns.

Dª Mª Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Mixto non intervén.

D. Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do BNG di que os que levan tempo asistindo a sesións plenarias saben que estas datas xa levan tempo sendo as mesmas, pero o BNG leva 16 anos dicindo sempre o mesmo: a eles parecelles que hai que darlle unha volta ó tema dos festivos locais. Hai que sentarse todos e expoñer e estudar para cambialas porque hai outras datas que teñen maior demanda social, dende logo unha delas que todos teríamos en mente, este ano xa é festivo autonómico. E polo tanto o BNG vaise abster, como é tradición.

D. Manuel Mª Durán Guillán, concelleiro e voceiro do PP, non intervén.

Dª Genoveva Hermo Santos, concelleira de Nós Pobra explica que lle gustaría que o Sr. Casal lles dixera cales serían as súas propostas, xa que sempre estarían dispostos a aprender.

D. Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do BNG responde que se escoitou ben a súa intervención, el dixo que a súa posición é falar entre todos, eles poden ter unhas propostas pero non teñen por que ser as propostas do BNG as dos festivos locais, a eles o que lles parece é que manter eses dous luns, non ten sustento social como festas locais. Xa dixo que terían que reunirse todos e expoñer todos para sacar conclusións.



D^a Genoveva Hermo Santos, concelleira de Nós Pobra responde que como dixera antes, ó mellor non se explicou ben, pero entran en xuño, agora é xullo, e xa pasou San Xoan, xa pasou o antroído, e nestes momentos xa queda pouco tempo para rematar o ano.

A Secretaria comunicalle á concelleira que os festivos son para o ano 2016, que houbo un erro na convocatoria pero na orde do día figura ben.

A concelleira continúa, e dí que non se dou conta e de todas formas para o ano farase con antelación entre todos.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos), tódolos membros de Nós Pobra (4 votos) e a concelleira do Grupo Mixto (1 voto).

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 3. tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (3 votos).

A vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

Primeiro: propoñer como FESTAS LOCAIS para o ano 2016, o día 22 de agosto, Luns do Carme dos Pincheiros e o día 19 de setembro, Luns do Nazareno.

Segundo: Comunicar á Delegación da Consellería de Traballo e Benestar para o seu coñecemento e efectos.

INCISO:

para facer constar que sendo as 22:35 horas, faise un descanso de dez minutos.

Reanúdase a sesión sendo as 22:45 horas.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL NOS POBRA RELATIVA A DECLARACIÓN DA POBRA DO CARAMIÑAL COMO CONCELLO LIBRE DE CIRCOS CON ANIMAIS E ATRACCIÓN S FEIRAIS QUE USEN ANIMAIS E QUE SUPOÑAN MALTRATO ANIMAL.

O Sr. Alcalde-Presidente explica que por un erro esta moción non se levou á comisión informativa, aínda que tódolos grupos políticos teñen a documentación correspondente, e polo tanto deciden se a debaten agora ou a deixan para despois como moción de urxencia.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG, manifesta que entenden que ó non ser dictaminada pola comisión informativa non se debe debater agora, e en canto á urxencia, tampouco lles parece de carácter urxente.

O Sr. Alcalde-Presidente comunica que pasamos a debater o seguinte punto da orde do día.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á DECLARACIÓN DE MUNICIPIO OPOSTO A APLICACIÓN DO TRATADO TRASATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO, TTIP.-

Visto o informe emitido pola Comisión **Informativa de Dinamización económica, comercio, turismo, igualdade, participación veciñal e facenda** na sesión do día 29 de xullo de 2015, o concelleiro **D. Xosé Manuel Casal Sabín** exprica e da lectura da moción do BNG relativa á declaración de municipio oposto á aplicación do Tratado Transatlántico de Comercio e investimento, TTIP.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

A Unión Europea (UE) e os Estados Unidos de América (EUA) están negociando, de costas á cidadanía e ás persoas e institucións que a representan (parlamentos nacionais, estatais e europeo) un amplo acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos sociais, laborais, ambientais e de saúde, antepondo o interese comercial de investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral. O tratado está a negociarse de xeito secreto e, na actualidade, carecemos de documentos oficiais (máis alá de filtracións) sobre o contido total das negociacións.

O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación destes servizos, así como ás compras e licitacións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a habilidade dos/as representantes elixidos/as para administraren libremente as súas comunidades locais e promocionaren a industria, emprego e iniciativas locais.

Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social e ignoran calquera lexislación, continental, estatal, nacional, rexional ou local. As comunidades locais atópanse dominadas por axustes estruturais restritivos debidos aos acordos e ás políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes locais para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego locais. Ao mesmo tempo, promove instrumentos non democráticos que garantan os beneficios económicos das empresas transnacionais, o que supón unha cesión da soberanía aos poderes económicos.

Por iso as administracións locais, tanto por seren afectadas directas ao ser as canles axeitadas para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, como por promover na colectividade local o debate público e democrático sobre o que está verdadeiramente en xogo tras este Acordo, deben pronunciarse sobre o seu rexeitamento.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A COFUÑA)

ACORDOS

1. Declarar este concello como Municipio insumiso e libre do TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.
2. Solicitar do Ministerio de Administracións Públicas o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos servizos básicos.
3. Instar ao Ministerio de Economía a que solicite que se faga pública toda a documentación en relación ao tratado, con base no Regulamento 1049/2001 da Unión Europea.
4. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións**:

D^a M^a Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, manifesta que, os socialdemócratas europeos votaron a favor deste acordo porque entenden que favorece ós cidadáns e ás empresas, o que se pretende con este tratado é alcanzar unha cooperación económica para o comercio e suprimir as barreiras administrativas que perxudican ás medianas e pequenas empresas que queren internacionalizarse e que non poden asumir os custes de ter que cumprir dúas normativas diferentes, a do país de orixe e a do país de destino. Polo tanto nesta moción vaise a abster.

D^a Rosario Varela Fernández, concelleira e voceira de Nós Pobra, di que eles van a votar a favor desta moción do BNG, porque están convencidos de que vai a perxudicar a tódolos galegos, españois, e cidadáns, xa que esto vai a supoñer rebaixas salariais, perda de dereitos, privatizacións de servizos, cando vemos xa que no concello nos obrigan a privatizar servizos, como axuda no fogar, limpeza, e por eso apoian esta proposta e todas as propostas que apoiem o servizo público.

Intervén D. Manuel M^a Durán Guillán, concelleiro e voceiro do PP, dicindo que este tema pensa que é difícil, complexo e engoroso. Parecelle que argumentar sobre algo que non está firmado nin regulado é precipitado. Hai posicións en contra e outras a favor, polo tanto nós imos a votar en contra porque descoñecemos aínda ó tema e pensan que non lles compete, nin a nivel municipal, nin rexional, que é un tema da Unión Europea con EE.UU.

D. Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do BNG, exprica que, efectivamente os que gobernan na Unión Europea teñen moito interés en que isto vaia adiante; todos sabemos para quen van os beneficios e para quen os perxuízos. Mal facemos se esperamos, como di o voceiro do PP, a que esto se aprobe, pois unha vez que esté aprobado xa nada se pode facer. O BNG dende sempre, se opuxo a que so se debatan temas locais e parecelles que en tódolos sitios de repreentación democrática se pode e se debe debater tódolos temas que afeten ós cidadáns, e este tema tamén nos vai a afectar ós veciños da Pobra dunha forma directa. Como ven dicia a concelleira de Nós Pobra, este tratado o que pretende é armonizar as Leis, pero de forma de rebaixar os standares de vida e de calidade da Unión Europea. Este é un eslabón mais desa cadea política que o que pretende é quitar a prestación de servizos das mans públicas e darllos ás empresas privadas.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A. CORUÑA)

Dª Mª Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, dille á Sra. Varela que este concello non pode contratar porque o anterior goberno asinou un acordo para provedores por un millón e medio de euros cunha sereie de condicionantes, e non pode contratar porque o Ministerio ten que garantir que eso se lle ten que pagar.

Dª Rosario Varela Fernández, concelleira e voceira de Nós Pobra, responde dicíndolle que pode contratar a través de empesas privadas e gastando máis cartos. Ratifícase que Nós Pobra vai a votar a favor, poñendo por exemplo que EE.UU so asinou dous convenios da Organización Internacional dos Traballadores e eso lles di por onde poden ir eses tratados.

D. Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do BNG, so quer agradecer o voto positivo e o apoio de Nós Pobra.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7, tódolos membros de Nós Pobra (4 votos) e , tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (3 votos).

Votos en contra: 5, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos).

Abstencións: 1, a concelleira do Grupo Mixto (1 voto).

Á vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

1. Declarar este concello como Municipio insubmisos e libre do TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.
2. Solicitar do Ministerio de Administracións Públicas o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos servizos básicos.
3. Instar ao Ministerio de Economía a que solicite que se faga pública toda a documentación en relación ao tratado, con base no Regulamento 1049/2001 da Unión Europea.
4. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.

10.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á IMPLANTACIÓN DE CÓDIGOS DE TRASPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA ADMINISTRACIÓN LOCAL.-

Visto o ditame emitido pola Comisión **Informativa de Dinamización económica, comercio, turismo, igualdade, participación veciñal e facenda** na sesión do día 29 de xullo de 2015, o concelleiro **D. Ramiro Ouviaña Ouviaña** exprica e da lectura da moción do BNG relativa á implantación de códigos de transparencia e participación cidadá na Administración Local.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

É ben sabido que o significado etimolóxico da palabra *democracia* é “gobierno do pobo”, sendo a participativa unha das formas de democracia segundo os parámetros occidentais. Mais tamén podemos definir a democracia como un sistema político que o é porque recoñece que a cidadanía é a protagonista dos dereitos e das obrigacións, sociais, civís e políticas.

É, xa que logo, unha obriga democrática restituír á cidadanía a representatividade que exerceron no proceso electoral, de maneira que a súa actividade política non sexa unha acción intermitente, segundo os prazos electorais, senón un comportamento constante e continuado.

A procura da horizontalidade nas relacións entre administración e administrado é un xeito de mellorar a eficacia, a eficiencia e a calidade nos servizos prestados. Son os gobernos, constituídos por persoas que representan o voto popular, os que han de crear os procedementos que garantan o funcionamento democrático e transparente das institucións e faciliten a participación cidadá ao longo de todo o proceso, desde a identificación do problema ata o debate e o acordo das solucións máis acidas, establecendo un seguimento habitual por parte dos electores, para o que se precisa deseñar mecanismos de información, control e participación da cidadanía na xestión municipal.

A participación cidadá ten o seu complemento no Plan de Transparencia e Bo Goberno da nosa administración local. Este Plan é unha prolongación da lexislación na materia e facilitará a aplicación das esixencias para as entidades locais fixadas na lei 19/2013, que entrará en vigor en decembro de 2015.

O Plan de Transparencia e Bo Goberno é aplicábel a todos os cargos electos e ao conxunto do persoal, fixo ou eventual. As excepcións, si as houber, aparecerán claramente argumentadas e especificadas no Plan.

Por todo o exposto, este concelleir

o, en representación do Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O Concello de A Pobra do Caramiñal elaborará e someterá ao Pleno, nun prazo máximo de tres meses naturais, un Regulamento de Participación Cidadá que, baseado na lexislación vixente, defina as prácticas e as posibilidades para o exercicio efectivo dos dereitos veciñais. O Regulamento establecerá o procedemento polo que os particulares e as entidades legalmente constituídas poidan informarse e opinar nas distintas fases do proceso político de toma dunha decisión e de execución administrativa da mesma, para o que se garantirán unha serie de dereitos (información, consulta, petición, etc.) e órganos (Asembleas Veciñais, Consello de Participación Veciñal) para poder exercer a participación popular.

2. O Regulamento de Participación Cidadá incluírá o compromiso expreso da institución de desenvolver dunha política social que garanta a promoción da iniciativa social e o asociacionismo, e procure eliminar os condicionantes, socioculturais e económicos, que veñen dificultando a participación efectiva da poboación.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

3. Namentres o Regulamento de Participación Cidadá non sexa redactado e aprobado, o Goberno Local establecerá procedementos temporais que permitan a participación directa e efectiva da cidadanía e das asociacións nos Plenos e nos órganos colexiados dependentes do Concello.

4. O Concello de A Pobra do Caramiñal elaborará un Plan de Transparencia e Bo Goberno que conteña un Código Ético propio ou a adhesión a un Código preestablecido, e tamén arbitrará procedementos que permitan o intercambio de información entre a cidadanía e a administración, cando menos en apartados como son: institucional, organizativo, planificación, persoal, altos cargos e persoal directivo, normativa municipal, servizos e procedementos, medio ambiente e urbanismo; o perfil do contratante; os orzamentos; enlaces a boletíns oficiais ou páxinas doutros organismos.

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións**:

D^a M^a Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, manifesta que esta cuestión lle parece que é a participación á democracia e vai a votar favorablemente, canta mais participación haxa seguramente se acertará máis nas decisións que se tomen e por iso o seu voto vai ser favorable.

Rosario Varela Fernández, concelleira e voceira de Nós Pobra, explica que están de acordo en case tódolos puntos, de feito no seu programa levaron moitos deles, o que pasa é que lles parece que o BNG presenta unha moción moi específica e lles compromete a cefirse a uns puntos demasiado establecidos e por iso queren presentar unha emenda a esta moción, que é a seguinte:

“O grupo municipal de Nós Pobra propón os seguintes acordos:

1. O Concello da Pobra do Caramiñal elaborará e someterá ao Pleno un Regulamento de Participación Cidadá que, baseado na lexislación vixente, defina as prácticas e as posibilidades para o exercicio efectivo da participación veciñal.
2. O Regulamento de Participación Cidadá incluírá o compromiso expreso da institución de promover a iniciativa social e o asociacionismo.
3. Namentres o Regulamento de Participación Cidadá non se redacte e aprobe, o Goberno Municipal establecerá procedementos temporais que permitan a participación directa e efectiva da cidadanía.
4. O Concello da Pobra do Caramiñal elaborará un Plan de Transparencia e Bo Goberno que conteña un Código Ético e permita o intercambio de información entre a cidadanía e a administración.”

Explica que como poden ver é moi parecida á moción que presenta o BNG.

D. Manuel M^a Durán Guillán, concelleiro e voceiro do PP, opina que neste punto todos coinciden en que hai unha enquedanza social de participación da vida pública e todos teñen que



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

alegrarse, pero partindo da base de que tódolos veciños e asociacións teñen hoxe en día cauces para ter información e comunicación, cren que realmente é importante ir nese senso, pero non lles parece adecuado marcar un período de tempo, non lles parece adecuado ter que ceñirse a un canal tan estreito, cre que o mais efectivo sería crear unha pequena comisión entre tódolos grupos políticos para poder ir traballando nese senso.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG, manifesta que ó mellor se excediu na redacción da moción, e o tomaron como que tiñan que ceñirse ó guión da mesma, pero non é así, ó que se refire é que se estableza un procedemento que diga polo que se pode informar e opinar, tamén é normal que se diga que hai un prazo de tempo no que diga que hai que sometelo ó Pleno, e pensa que é indispensable, e con respecto ós outros puntos pensa que calquer regulamento debe contar con estas cousas e moitas mais. Como dixó, a intención do BNG non é que o equipo de goberno teña que rexirse estrictamente polo que ben na moción, pero está seguro que un regulamento de participación cidadá que non conteña todas estas cousas non será un bo regulamento, e por outra parte non hai prazo temporal, e so dicirlle á portavoz do equipo de goberno que é unha eiba porque aceptar algo que está tan aberto no tempo pode implicar que presenten o regulamento de participación cidadá “esaxerando” no pleno, xusto antes das eleccións dentro de 4 anos, di esaxerando, pero necesítase dun prazo para facelo porque mentras non se faga, hai asociacións e entidades que teñen que acudir ós grupos políticos para presentar iniciativas que realmente son propias deles.

Dª Rosario Varela Fernández, concelleira e voceira de Nós Pobra manifesta que eles esperan que este regulamento de participación cidadá esté funcionando xa antes de tres meses, pero lles gustaría ter a posibilidade de dar un marxe de tempo para poder redactalo, de tódolos xeitos, o Regulamento Orgánico Municipal no artigo 79, si permite ás asociacións e veciños dirixirse ó alcalde incluso no Pleno cando queiran expoñer algo relacionado con algún dos puntos incluídos na orde do día, eso sí, teñen que comunicalo con 24 horas de antelación. E no artigo 80, di que rematado o Pleno o alcalde poderá establecer unha rolda de rogos e preguntas co público existente sobre temas concretos de interese municipal. Entende que isto é moi interesante que os cidadáns o saiban, mentras non hai regulamento de participación cidadá.

D. Manuel Mª Durán Guillán, concelleiro e voceiro do PP, exprica que eles volven a manifestarse no mesmo senso, entenden que é importante abrir cauces de participación, cren que que hai opcións como as que mencionou a Sra. Varela, pero o que lles parece que non ten moito sentido é poñer un prazo para redactar unha labor tan importante.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG contesta que a realidade do que poña no ROM ó igual que noutras tantas Leis é descoñecido para a cidadanía, de feito está seguro que esa moción, que non foi dictaminada pola comisión informativa, pertence a unha asociación que descoñecía estes artigos e tivo que recurrir a un grupo político para expoñela. Con respecto á presa do tempo, ninguén pode pretender que a primeira versión dun regulamento poda ser a efectiva, e hoxe en día un regulamento onde se poda empezar a traballar para recadar datos pode facerse en seis horas.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

O Sr. **Alcalde-Presidente**, explica que polo que ve e polo exposto o BNG non acepta a emenda. No punto onde fala de órganos, assembleas veciñais e consello de participación veciñal, eso da pe a debatilo sobre si é necesario ou non, eles cren nas assembleas veciñais e non en órganos colexiados, por eso queren debatilo con eles, chegar a acordos, e non queren verse constreñidos porque lles parece que a súa moción é moi explícita, por iso na emenda o que se fai é reducir os acordos, pero en base á súa propia moción e simplemente pensa que non debería haber ningún problema para aceptar esta emenda, xa que non queremos comprometernos a algo tan explícito que logo non podamos realizar.

D. **Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG**, manifesta que pensa que co que teñen presentado aquí nesta moción non se presenta como guión pechado, pero que si eles o queren entender así, e pensa que non o queren entender doutro xeito, así que pola súa parte pódese proceder á votación da emenda.

O Sr. **Alcalde-Presidente**, intervéñ dicíndolle ó Sr. Ouviaña que o que se acorde aquí ten que cumprirse tal como figura no acordo, xa que se fora na exposición de motivos sería outra cousa.

Rematado o debate sométese a enmenda de Nós Pobra a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 4, tódolos membros de Nós Pobra (4 votos).

Votos en contra: 3, tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (3 votos).

Abstencións: 6, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos) e a concelleira do Grupo Mixto (1 voto).

Sometida a proposta a votación, obtéñese o seguinte resultado:

Votos a favor: 4, tódolos membros de Nós Pobra (4 votos).

Votos en contra: 3, tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (3 votos).

Abstencións: 6, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos) e a concelleira do Grupo Mixto (1 voto).

A vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

1. O Concello da Pobra do Caramiñal elaborará e someterá ao Pleno un Regulamento de Participación Cidadá que, baseado na lexislación vixente, defina as prácticas e as posibilidades para o exercicio efectivo da participación veciñal.
2. O Regulamento de Participación Cidadá incluírá o compromiso expreso da institución de promover a iniciativa social e o asociacionismo.
3. Namentres o Regulamento de Participación Cidadá non se redacte e aprobe, o Goberno Municipal establecerá procedementos temporais que permitan a participación directa e efectiva da cidadanía.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

4. O Concello da Pobra do Caramiñal elaborará un Plan de Transparencia e Bo Goberno que conteña un Código Ético e permita o intercambio de información entre a cidadanía e a administración.”

11.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á DEFENSA DOS NOSOS SECTORES PRODUCTIVOS.-

Visto o ditame emitido pola Comisión **Informativa de Urbanismo, obras, seguridade cidadá e réxime interior** na sesión do día 29 de xullo de 2015, a **concelleira D^a M^a Cristina Andrade González** exprica e da lectura da moción do BNG relativa á defensa dos nosos sectores productivos.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

Os nosos sectores produtivos, nomeadamente os relacionados co mundo do mar, son, e deben seguir sendo, motor da economía da zona.

Non obstante, o sector marisqueiro leva un tempo atravesando dificultades de todos e todas coñecidos, non só a través dos medios de comunicación, senón porque afectan a numerosas familias da localidade. De feito, a Confraría da Pobra reduciu o seu número de membros á metade nos últimos anos, o marsico escasea (o berberecho incluso desapareceu dalgúns areais) e as distintas administracións non toman medidas para resolver esta situación. Tamén son evidentes os problemas doutros sectores relacionados coa acuicultura.

Resulta evidente que unha necesidade imperiosa é o saneamento integral da ría, imposto ademais desde a UE cuns prazos concretos, pero que a día de hoxe está lonxe de acadarse. No que afecta ao noso concello, sabemos que o difusor do emisario hai tempo que rompeu e non foi arranzado nin substituído, ao que hai que engadir que o propio emisario desemboca no polígono B das bateas. A isto súmanse os verquidos ilegais, os industriais e as lexivias, sosas e cloros que chegan e destrúen a Ría.

No que respecta á mortandade do marisco, a Confraría ten proposto algunhas solucións sen obter respostas: a apertura de ocos no peirao novo que permitan recuperar as correntes, proxectos de rexeneración e sementado de cría en zonas degradadas...

A estes hai que engadir outros problemas nos que o Concello ten a posibilidade de intervir máis directamente: a creación de espazos de servizo e aparcamentos, a seguridade nas instalacións, a regulación do tráfico...

Existe, tamén, outra faceta na que o Concello pode exercer un importante papel e non é outro que o da posta en valor e promoción dos nosos produtos, tanto no que se refire á valoración da súa calidade no mercado interno e externo, como á educación do consumidor ou a accións que garantan o relevo xeracional nos sectores produtivos e a expansión dos negocios relacionados con estes sectores.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción dos seguintes



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

ACORDOS:

- 1. Establecer un plano de acción co obxectivo de mellorar a produtividade e as condicións de traballo dos sectores produtivos relacionados co mar.**
- 2. Instar á Consellería de Pesca a acometer accións encamiñadas a mellorar o saneamento da ría e a subsanar os problemas de mortandade do marisco.**
- 3. Instar a Portos de Galicia para que incremente, sen gravar ao sector, a seguridade nos pantaláns, ademais de regular o tráfico axeitadamente dentro e nos accesos ás súas instalacións e establecer espazos de aparcamento no peirao vello para os traballadores do mar.**
- 4. Dotar aos mariscadores e mariscadoras de espazos adecuados de servizo na proximidade dos Areos.**
- 5. Establecer mecanismos de promoción e posta en valor dos nosos produtos do mar.**

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións:**

D^a M^a Teresa García Guillán, concelleira e voceiro do Grupo Mixto, manifesta que como xa anunciou na Comisión Informativa o seu voto vai a ser favorable. Esta moción ven de varias xa presentadas na lexislatura anterior, son reivindicacións históricas, e este é un sector productivo importante para a nosa economía e pensa que debe apoiarse tanto a este sector coma a outros e como os mexiloeiros que tamén son importantes.

D^a Rosario Varela Fernández, concelleira e voceira de Nós Pobra, manifesta que tamén van a votar a favor desta moción, e que son moi conscientes desta problemática que afecta a tantas familias que viven directa e indirectamente do mar. Este goberno xunto coa confraría e os grupos políticos desta corporación traballarán para levar a cabo ese plan que debe ter como obxectivo mellorar as condicións de vida dos nosos marifeiros.

D. Manuel M^a Durán Guillán, concelleiro e vocero do PP, intervén dicindo que están de acordo casi con tódolos puntos da moción, so quer remarcar que a Consellería xa está a facer estudos en canto ó tema da mellora do saneamento e xa hai un estudo realizado pola Consellería para regular os vertidos, reparar o emisario, e eles sempre van apoiar a calquera sector productivo para mellorar as súas condicións de vida laborais.

O **Sr. Alcalde-Presidente**, exprica que no punto 2 da moción non se insta á Consellería de Pesca, senón que é a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras á que lle corresponde.

D^a M^a Cristina Andrade González, concelleira do BNG, responde que evidentemente parece ben que se fagan as modificacións necesarias para que se inste á Consellería que lle corresponda, e alégrese da información que acaba de aportar o portavoz do Partido Popular, espera que se



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

melloren canto antes tódalas medidas necesarias para dinamizar este sector económico. E por suposto están dispostos a manter as reunións que sexan necesarias co equipo de goberno e cas Consellerías para que estas medidas se leven acabo.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose por unanimidade o voto favorable de tódolos membros presentes na sesión (13 votos).

Á vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

1. Establecer un plano de acción co obxectivo de mellorar a produtividade e as condicións de traballo dos sectores produtivos relacionados co mar.
2. Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a acometer accións encamiñadas a mellorar o saneamento da ría e a subsanar os problemas de mortandade do marisco.
3. Instar a Portos de Galicia para que incremente, sen gravar ao sector, a seguridade nos pantaláns, ademais de regular o tráfico axeitadamente dentro e nos accesos ás súas instalacións e establecer espazos de aparcamento no peirao vello para os traballadores do mar.
4. Dotar aos mariscadores e mariscadoras de espazos adecuados de servizo na proximidade dos Arcos.
5. Establecer mecanismos de promoción e posta en valor dos nosos produtos do mar.

12.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á PAVIMENTACIÓN E ACONDICIONAMENTO DENDE A FIGUEIRA A ESTRADA DO CAMIÑO ANCHO.

Visto o ditame emitido pola **Comisión Informativa de Urbanismo, obras, seguridade cidadá e réxime interior** na sesión do día 29 de xullo de 2015, o concelleiro **D. José Manuel Castro García** explica e da lectura da moción do P.P. relativa á pavimentación e acondicionamento dende A Figueira á estrada do Camiño Ancho.

O anterior Goberno do PP, despois de falar cos veciños aperturou un tramo de estrada, dende o lugar de A Figueira ao Camiño Ancho; esta foi unha obra moi importante pois comunica a circunvalación desde o río Morto ata o Polígono Industrial de A Tomada, a Autovía e o Hospital da Barbanza, evitando desta maneira que parte do tráfico circule polo centro da nosa Vila, desconxestionando a mesma.

Este novo tramo quedou sen rematar, pois ten que ser habilitado con tódolos servizos, así como coa pavimentación adecuada.

No próximo mes de setembro, a Deputación Provincial de A Coruña, enviará o noso Concello, o P.O.S. (Plan de obra e servizos) por un importe aproximado de 200.000 € , correspondente o ano 2016

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular, insta o Pleno da Corporación a adopción do seguinte



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

ACORDO

1. Que con cargo o PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (P.O.S. 2016), fágase o proxecto e realícese esta obra.

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións**:

Dª Mª Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, di que este camiño xa se solicitou nos primeiros plenos da lexislatura anterior onde o PP votou en contra, pero dende logo é un camiño moi demandado polos veciños do Camiño Ancho, e xa debería estar feito. Con respecto o acordo que di “con cargo o Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña (P.O.S. 2016) , fágase o proxecto e realícese esta obra” , parécelle moi esixente, porque hai que falar con tódolos veciños antes de incluílo no POS por se despois non se pode faer. Repite que lle parece moita esixencia por parte do Partido Popular, cando eles acabaron de gobernar fai un mes e sempre votaron en contra deste tipo de mocións presentadas pola oposición. Pensa que se debería cambiar o acordo e por que a obra se poida incluír no POS ou en calqueira outro Plan.

D. Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do BNG, intervén dincindo que é certo que o arranxo deste camiño trouxo nunha moción a Sra. Teresa na lexislatura anterior, e recorda perfectamente a resposta do Sr. Concelleiro (de obras por aquel entón) que acaba de expoñer esta moción que dicía, a esta e outras mocións presentadas polo BNG, si conseguídes vos que os veciños cedan as parcelas pois encantados de facer as obras. ó cal eles respondían que non tiñan problema, e entón que gobernaban eles. Polo tanto están a favor de que este camiño se faga, pero está totalmente de acordo coa concelleira do PSOE en que traer un acordo que diga que esta obra ten que ser a cargo do POS 2016, cando a Deputación aínda non celebrou o pleno de organización, parécelles excesivo, por eso votarán a favor se o concelleiro Sr. Castro non ten problema en incluír no acordo que a obra sexa incluída no POS ou en calqueira outro Plan.

D. Miguel Alamancos Sobrido, concelleiro de Nós Pobra, di que coinciden co BNG en alegrarse que nesta sala haxa tanta xente, esperan que nas próximas sesións sexa igual. Con respecto á moción do Partido Popular coinciden co que se falou ata o de agora e cren que a obra pode ser boa , que é unha obra necesaria, e que é demasiado esixente que se lles marque que teñen que incluíla no POS de 2016.

O Sr. Alcalde-Presidente, proponlle ó Sr. Castro que a obra se inclúa en calqueira outro Plan ou incluso con fondos propios e que sexa reflexada así na acta.

Están todos de acordo en reflexalo así.

D. José Manuel Castro García, concelleiro do PP, responde dicindo que nesta lexislatura do PP, el como concelleiro da oposición, vai a facer o posible para que o concello siga mellorando. Cando o Sr. Casal e a Sra. Teresa dixeron que eles xa levaran esta moción na anterior lexislatura, é certo, pero tamén é certo que el dixo que había que falar cos veciños para que cederan terreo, non é



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

suficiente con asfaltar sin ceder, e tamen dixo que o concello tiña que xestionar esas cesións cos veciños, e todos eses trámites fixos el, tanto no Camiño Ancho, como en San Lázaro, como na Virxe do Monte onde custou máis de 6 meses poñer de acordo á familia Ponte, e nos outros casos outro tanto.

O Sr. Alcalde-Presidente, respóndelle ó Sr. Castro dicindo que é o goberno o que ten que facer esas cuestións cos veciños, un concelleiro da oposición non pode chegar a ese tipo de acordos, pode mediar, pero non máis.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose por unanimidade o voto favorable de tódolos membros presentes na sesión (13 votos).

Á vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo

Que con cargo o PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (P.O.S. 2016), outro Plan ou incluso con fondos propios, fágase o proxecto e realícese esta obra.



13.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á RECUPERACIÓN DA PRAIA DO AREAL.

Visto o ditame emitido pola **Comisión Informativa de Urbanismo, obras, seguridade cidadá e rexime interior** na sesión do día 29 de xullo de 2015, o **concelleiro D. Manuel M^a Durán Guillán** exprica e da lectura da moción do P.P. relativa á recuperación da praia do Areal.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

A Praia do Areal é un orgullo de tódolos/as pobrenses, atópase en pleno casco urbán, o seu nivel de ocupación é alto durante a época estival, moi visitado por familias da nosa Vila.

A pesares de non contar coa “Bandeira Azul”, a praia do “*Areal*” é unha das máis concorridas do noso municipio e, ademais, a única considerada urbana xa que se atopa no mesmo casco urbano.

A temperatura das súas augas é máis suave que as das outras praias grazas aos baixíos que forma a súa area e que son a fonte de produción do excelente marisco, ameixas e berberechos na súa meirande parte, que se poden atopar neles. Tamén grazas a esta característica, é unha praia axeitada para as familias con nenos pequenos, xa que a profundidade das súas augas mantense baixa aínda coa marea chea (guía turismo de Galicia)

Esta Praia é coñecida polas súas augas tranquilas e cálidas e por a súa área branca, ten unha lonxitude de 900 m. aproximadamente, dos cuais este verán só se poden utilizar uns 200 m., xa que esta Praia debido os temporais do inverno acumula gran parte da súa area o lado da rampa coñecida como o pantalán, e tódolos anos antes do mes de xullo, esta area era repartida por toda a Praia, pero este verán esta actuación aínda non se realizou, se a eso lle sumamos que a parte que está pegada o pantalán non se limpa en varios días, acumulando a seba seca, a zona que queda para estar na Praia queda reducida a escasos 200 m.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular, insta o Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Goberno Municipal levará a cabo unha actuación urgente na Praia do Areal, para poñela en condicións, estirando a área, e facendo a limpeza diaria coma viña sendo habitual, para que está siga sendo a Praia que tódolos/as veciños e veciñas e poidan disfrutar dela nas mellores condicións

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións**:

Dª Mª Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, manifesta que repite case o mesmo que na moción anterior, este tipo de mocións, a oposición xa as trouxo sempre, sobre todo de cara ó verán. É certo que a praia do Areal é un luxo que temos e é unha praia urbana que hai que coidar con esmero, e polo tanto quer escoitar ó alcalde das previsións que teñen neste sentido.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e voceiro do BNG, di que parece ser que están todos de acordo, é verdade que a praia ten unhas deficiencias de atención; a parte dos movementos de area que hai que realizar, unha eiba moi importante que ten e se lle pideu repetidamente ó goberno anterior, son os accesos.

Dª Genoveva Hermo Santos, concelleira de Nós Pobra, exprica que a limpeza levase a cabo diariamente, pero con respecto ós movementos de area, non saben se é o mellor, xa que os mariscadores pensan que non é aconsellable para o marisco, entón teñen dúbidas sobre isto, por estética quedaría moi ben pero non sabe se os beneficios serían para todos por igual. Entón mentras non teñan claro este tema, non van a apoiar esta proposta.

D. Manuel Mª Durán Guillán, concelleiro e voceiro do P.P., responde que o que eles piden é que se remova a area da parte superior da praia onde os mariscadores non chegan, e non cren que repercuta para nada ó sector marisqueiro, e a nivel de veciños e turistas si que é moi importante facelo.

Dª Mª Teresa García Guillán, concelleira e voceiro do Grupo Mixto, di que está de acordo co que dixo o voceiro do Partido Popular, non é que teña un coñecemento moi amplo, pero ten entendido que os mariscadores incluso din que se non se saca a area morrelle o marisco. Se queren facer un estudio en profundidade, pois vale, pero cre que durante estes anos que se fixo non perxudicou ó sector marisqueiro.

D. Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do BNG, non intervén.

Dª Genoveva Hermo Santos, concelleira de Nós Pobra, reitérase no que dixo antes, é certo que hai unha zona con pedras, pero recordas dende sempre, dende ben pequena, e non cre que esa zona perxudique esteticamente tan seriamente.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, e explica que como ben dicia Cristina anteriormente, eu son biólogo, pero non me atrevo a saber cantas agresións mediambientais sufriu esta praia para saber cal é a responsable para que morra o marisco, é complicado.

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos), tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (3 votos) e a concelleira do Grupo Mixto (1 voto).

Votos en contra: 4, tódolos membros de Nós Pobra (4 votos)

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

O Goberno Municipal levará a cabo unha actuación urxente na Praia do Areal, para poñela en condicións, estirando a área, e facendo a limpeza diaria coma viña sendo habitual, para que está siga sendo a Praia que tódolos/as veciños e veciñas e poidan disfrutar dela nas mellores condicións

14.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á LIMPEZA DE CAMIÑOS, ZONAS DE OCIO E RÍOS.-.

Vista o ditame emitido pola **Comisión Informativa de Urbanismo, obras, seguridade cidadá e rexime interior** na sesión do día 29 de xullo de 2015, o **concelleiro D. Manuel M^a Durán Guillán** explica e da lectura da moción do P.P. relativa á limpeza de camiños, zonas de ocio e ríos.

Vista a parte expositiva da proposta que literalmente di:

Atopámonos a mediados do mes de xullo e as estradas e camiños de todo o Concello están practicamente intrasitables, hai zonas como pode ser na ponte da Crocha en que a maleza invade totalmente as mesmas, facendo imposible transitar por as mesmas.

A estrada do Vilariño (Rúa Mestre José Conde), está invadida de maleza, e por a mesma discurren a diario centos de vehículos e transeúntes que se acercan as nosas praias, dando unha imaxe de abandono total.

O mesmo ocorre no Paseo Fluvial do Río Morto o cal está totalmente invadido de maleza, incluso a zoa de ocio onde as herbas invaden todo o mobiliario.

Outro tanto podemos dicir dos ríos, os cuais están totalmente invadidos de vexetación, o que ocasionará que cando cheguen as choivas, estes desbordaranse inundando as leiras e as casas que se atopan os seus marxes.

Todo isto, contando que estamos en pleno verán e que somos un pobo de interese turístico, o cal visitan a diario centos de persoas, que veñen as nosas praias e as nosas paixases, non estamos dando a imaxe máis coñecida da Pobra do Caramiñal, senón máis ben unha imaxe de total abandono.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón á Corporación a adopción dos seguintes acordos:



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

1. Proceder de inmediato o desbroce e adementamento de tódolos camiños do noso Concello.
2. Requerir a Xunta de Galicia, dirección xeral de estradas, a limpeza das marxes da estrada AC-305
3. Requerir da Xunta de Galicia, Augas de Galicia, a limpeza dos ríos para evitar os seus desbordamentos cando cheguen as choivas

A continuación ábrese polo Sr. Alcalde-Presidente un **turno de intervencións**:

Intervén D^a M^a Teresa García Guillán, concelleira e voceira do Grupo Mixto, manifestando que quer incidir en que o P.P. tampouco era tan veloz para limpar determinadas zonas, recorda que o ano pasado cando pasaron o tractor para limpar os camiños de silveiras deixaron sitios sen facelo, recorda preguntar nun pleno cando se ia a facer, no segundo pleno preguntar ó mesmo, ata que ó final tivo que presentar unha moción por escrito determinando os lugares. Con respecto ó río morto xa estivo moito peor que agora, e comentei nun pleno anterior que as árbores morrían e supuña un gasto e o P.P lle respondeu que non importaba que a empresa os repoñía gratis. Agora hai algúns secos e lle recomenda ó equipo de goberno que lle pregunte ó P.P. onde se atopan esas árbores gratis para repoñelas. Con respecto ó tema “proceder de inmediato” parécelle pesadamente insistente esa forma, cando o Partido Popular nunca o fixo. A limpeza dos ríos parécelle perfecto que os limpem para que non se deborden, e gustaríalle que o equipo de goberno faga un escrito á Xunta de Galicia para que o cauce de río morto volva por onde estaba e dese xeito non invada as fincas privadas.

D^a M^a Cristina Andrade González, concelleira do BNG, pensa que non hai que manter coidados os camiños e os ríos porque sexa verán, e haxa turistas, senón para uso dos veciños da Pobra; e con perdón, parécelle un acto de cinismo, xa que a oposición sempre truxo estas mocions ó pleno e a maioría das veces eran votadas en contra. Incluso por deixadez do PP de non limpar as marxes dos ríos houbo algúns problemas como pasou na Aldea de Raña, a persares de que o BNG levou 2 anos solicitando a limpeza dese río, e ó final houbo que meter a pala e facer un cristo. Pero como para o BNG a limpeza de camiños e ríos é moi importante, van a votar a favor.

D. Miguel Alamancos Sobrido, concelleiro de Nós Pobra, di que a eles tamén lles parece que a estas alturas nas que aínda se atopan, traer esta moción que en realidade é un tema de mantemento e cando chegaron o mantemento non existía e tampouco cre que haxa que chegar ó mes de xullo para acometer estas accións, hai que facelas antes, non se pode pretender que nun mes e medio e faga todo o que antes non se fixo. É verdade que hai moito que facer aínda, que xa empezamos por algunhas zonas, pero teñen que ter en conta que en todos estes anos foi deixadez, atopámonos coa merma na brigada de obras xa que hai xente que está noutros postos, e a verdade non poden tirar de empresas privadas para facer a limpeza xa que non hai orzamento. Isto hai que facelo paulatinamente todo o ano, porque cando chegaron ó goberno atopáronse cunha demanda dos veciños enorme con respecto a todas estas accións. Pero por suposto que se van a facer todas esas limpeza pero que o PP lles veña esixindo isto cando eles non o fixeron, non lle parece o mais axeitado.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

O Sr. Alcalde-Presidente, intervén dicindo que lle vai a dar a palabra ó portavoz do PP, pero dille a todos que non saquen os trapos sucios do anterior goberno e se ciñan mais a orde do día porque o tempo se lles vota enriba.

D. José Manuel Castro García, concelleiro do P.P., responde dicindo que no tema do que a concelleira do BNG puntualizou sobre a Aldea de Raña, non é certo que o PP non fixera nada, porque o PP pideu autorización a Augas de Galicia e demorouse moito, e ó final fixose unha actuación na que todos os veciños din que quedou moi ben.

Dª Mª Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Mixto non intervén.

Dª Mª Cristina Andrade González, concelleira do BNG, responde puntualizándolle ó Sr. Alcalde que os argumentos que ela queira expoñer e argumentar con respecto a orde do día vaino decidir ela e non o Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente, explica que so fixo unha petición, non unha esixencia.

D. Miguel Alamancos Sobrido, concelleiro de Nós Pobra, reiterara que os traballos se van a facer a pesares das dificultades coas que se atopen.

D. Manuel Mª Durán Guillán, concelleiro e portavoz do PP, opina que os recursos humanos cos que conta este equipo de goberno son os mesmos que tiña o goberno anterior, e di que incluso despois das eleccións, unha empresa privada estivo limpando as marxes da estrada, e outras zonas que estaban limpas dous meses atrás, pero claro a maleza crece soa, e entende que é difícil atender a todo, pero eso non significa que non o teñan que recordar.

O Sr. Alcalde-Presidente, pregunta o portavoz do PP (que acaba de recoñecer que a brigada de obras non ten a dotación de persoal necesario), entón cal é a proposta para dar abasto con todo.

D. Manuel Mª Durán Guillán, concelleiro e portavoz do PP, responde dicindo que a diferenza é que se o facía a brigada de obras e se contrataban empresas privadas que o facían, entende que ás veces hai limitacións presupostarias, e que tamén influe como veña o tempo, pero eso hai que facelo.

O Sr. Alcalde-Presidente, explica que efectivamente os recursos non son os mesmos, porque o Sr. Durán non estaba no antigo equipo de goberno e non sabe se os seus compañeiros lle informaron correctamente, pero aínda hoxe chegaron facturas das obras de pre-campaña que non están recoñecidas no orzamento e suman 120.000 euros, e non sabe como van a facer para pagalas. E isto chegoulles hoxe, pero non sabe cantas sorpresas lles quedan por parte dunha xestión que considera nefasta. Diríxelle a tódolos concelleiros/as dicíndolles que poden consultar todas as facturas que hai e as que faltan por chegar, e non sabe como van a cadrar as contas a final de ano.

D. Manuel Mª Durán Guillán, concelleiro e portavoz do PP, responde dicindo que entende a situación pero tódalas obras que se fixeron eran necesarias, e os recursos hai que buscalos e xestionalos, eso sempre foi así.



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Rematado o debate sométese o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, tódolos membros do Grupo Municipal do PP (5 votos), tódolos membros do Grupo Municipal do BNG (3 votos) e a concelleira do Grupo Mixto (1 voto).

Votos en contra: 4, tódolos membros de Nós Pobra (4 votos)

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

1. Proceder de inmediato o desbroce e adecentamento de tódolos camiños do noso Concello.
2. Requerir a Xunta de Galicia, dirección xeral de estradas, a limpeza das marxes da estrada AC-305
3. Requerir da Xunta de Galicia, Augas de Galicia, a limpeza dos ríos para evitar os seus desbordamentos cando cheguen as choivas

E sendo ás 00:09 horas , o Sr. Alcalde dá por finalizada a sesión., e eu , secretaria , extendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en A Pobra do Caramiñal, o día trinta e un de xullo de dous mil quince.

O ALCALDE

Asdo. José Luis Piñeiro García



A SECRETARIA, dou fe

Asdo. Eva M. Casal Sanjaño



